

2020

MEMORIA ESCOLA DE TEMPO E
AIRE LIBRE NÉBOA



INTRODUCCIÓN

Este ano 2020 que rematamos amosouse bastante complicado para toda a poboación mundial puxonos a pensar da importancia que teñen determinadas cousas como o medio natural, os compañeiros e compañeiras, os familiares, E demostrounos que aínda que nos cremos na cúspide da creción e os donos do mundo non somos tal, xa que un becho tan cativo pode poñernos as cousas moi complicadas.

Estos meses de confinamento fixeron que moitos de nós que adicamos parte do noso tempo a estar tirados no sofa diante dunha pantalla sexa esta de televisión, ordenador, videoxogo, ... botamos en falta saír a respirar, a pasear polo monte ou pola praia, a reunirnos con amigos e familiares, a disfrutar dunha boa obra de teatro, ou un concerto, ou visitar un museo, algo que normalmente é unha cousa tan sinxela volvíase complicada por mor da COVID-19.


Esto levounos a que unha vez chegou a “nova normalidade” moitos nos apuntáramos á realización de actividades e pedíamos que se organizarán e fixeran ditas actividades.

As autoridades, xunto con varios expertos no mundo do lecer e o tempo libre, así como, non podía ser menos, persoas do eido da sanidade, levaron a cabo uns protocolos que permitiu o desenvolvemento de diversas actividades dun xeito seguro.

Foi grazas a estos protocolos aos que poidemos desenvolver parte do programa que tiñamos deseñado para este ano. Así é que algunhas si se levaron a cabo, pero outras foi imposible a súa realización ou por falla de tempo, ou de participantes, ou de que a súa realización non era dabondo segura para levalas a cabo.

Aquí facemos unha pequena memoria de este ano tan particular que fixo que tiveramos que esprimir os miolos para ver como desenvolver unhas actividades que, de normal, non teñen tanta dificultade.

AREA DE TEMPO E AIRE LIBREMEMORIA



Dentro da área de tempo e aire libre a nosa asociación desenvolve unha serie de actividades que son fixas ao longo dos anos:

- Acampadas intermunicipais na natureza, con dúas quendas:
 - Campamento Multiaventura.
 - Campamento Robinsón.
- Campos de voluntariado de medio ambiente.
- Campos de voluntariado de medio ambiente para persoas con discapacidade psíquica.
- Campamentos urbanos.

De todas elas, por mor da situación da pandemia e ser persoal de risco non poidemos levar a cabo o **campo de voluntariado para persoas con discapacidade psíquica**. As outras sí se levaron a cabo pero con varias modificacións para facelas seguras evitando así posibles contaxios e a expansión da enfermidade.

As **Acampadas Intermunicipais** levaronse a cabo gracias á aposta dos concellos de As Pontes de García Rodríguez e Pontedeume que valoraron o proxecto, os protocolos e as actividades e apostaron por levalos adiante. Así que, máis tarde do previsto (en agosto en lugar de xullo), con moitas menos plazas (a metade), algunha restricción de idade e algún día menos, saímos ao mercado e poidemos levar a cabo a nosa aventura.

Os **campos de voluntariado de medio ambiente**, adoitan a levarse a cabo coa Dirección Xeral e Xuventude e teñen ámbito internacional de xeito que participan neles rapaces e rapazas de diferentes puntos do mundo.

A Dirección Xeral de Xuventude, decidiu apostar por esta, e outras, actividades elaborando un protocolo e esixindo que cada actividade adaptara o protocolo ás súas circunstancias. Si ben non foi un campo de voluntariado internacional por razóns obvias de que non se podía viaxar. Para evitar expandir a enfermidade, foi un campo de voluntariado a nivel autonómico, e coa cantidade de xente reducida a 12, pero sacouse a convocatoria e tivo aceptación dentro da xente nova.

O concello de Pontedeume apostou tamén polos **campamentos urbanos Ruer@s** que leva facendo dende hai varios anos, e logo de lle dar moitas voltas atopou o xeito de levalos a cabo. Presentamos a nosa oferta e conseguimos a confianza para levalos a cabo. Comprobamos como os máis novos estaban desexosos de estar con outros compañeiros e compañerías da súa idade, pero tamén como xa tiñan asumido as normas do protocolo de limpeza e uso de mascarilla, somentes o tema da distancia que se lles esquecia a medida que se metían no xogo, tendo que lembrarllo de cando en vez.


Nesta área case a práctica totalidade das actividades se levou a cabo tal como veremos a continuación.

Cabe dicir que en ningunha delas se produciu ningún contaxio ou presenza de positivos, gracias tamén ao bó facer e responsabilidade dos participantes (incluído o persoal técnico)

Agradecemos a todos os participantes e familiares a súa confianza, así como aos estamentos políticos que apostaron por levar a cabo estas actividades.

1-CAMPOS DE VOLUNTARIADO DE MEDIO AMBIENTE





O Campo de voluntariado de Medio Ambiente de Vilarbó 2020 formou parte do programa de verán da Dirección Xeral de Xuventude.

Decir que este campo ten presenza dende hai vinteseis anos, e que, ao longo de todos estes anos, sufriu diferentes cambios pero ningún tan drástico como o de este ano. Si ben hai tempò que o campo conta cunha soa quenda de ámbito internacional destinado a vinte participantes de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos, este ano, por mor da COVID 19, o ámbito foi a nivel autonómico, e non foi o único cambio, tamén se reduxo o número de participantes comounha máis das medidas a tomar para evitar posibles contaxios.

Ante o cariz que estaban a tomar os acontecementos no tema da COVID facer un campo de voluntariado internacional era imprudente e imposible. Pero logo de todo unha primavera confinados nas nosas casas a Dirección Xeral de Xuventude, logo dunha boa pensada, da elaboración de protocolos de actuación, e de tomar serias medidas decidiu seguir adiante con esta actividade, que non deixa de ser un confinamento nun medio natural ao longo de doce días, pero contemplando unha serie de cambios. Así os destinatarios pasaron de ser persoas novas de todo o mundo a ser persoas novas de Galicia, reducindo ademais o número de participantes a doce.

Hai que resaltar que Vilarbó é un campo moi especial dentro da oferta, debido sobre todo á súa ubicación nas fragas atlánicas do alto Eume, pero tamén polo conxunto do seu proxeto, onde a altrenancia do traballo social e a as diferentes actividades complementarias, facilitan a integración dos participantes co entorno ao mesmo tempo que lles damos a coñecer o entorno que os rodea, así como lugares de interese cultural, patrimonio, etnografía,...

Destacar que os diferentes inconvintes, por culpa da COVID-19, non foron impedimento para o desenvolvemento dun campo en armonía que permitiu decir que un ano máis, participantes e a natureza se integrasen.

Bo traballo das persoas voluntarias no seu conxunto e bo traballo de parte do persoal técnico que participou nel.

Felicidades a todos, polo seu compromiso de que Vilarbó, un ano mais, continúe presente en todos nós. E unha mención especial mecexe a Dirección Xeral de Xuventude por apostr por esta actividade que permitiu o disfrute de varias persoas mozas cun mínimo risco de contaxio.

OBXECTIVOS ACADADOS

Os obxetivos propostos foron:


- Obxectivo xeral: Realizar labores de custodia do territorio e divulgación da importancia das Fragas Atlánticas de Vilarbó.
 - Realizar traballos de recuperación das árbores autóctonas e vexetación de ribeira principalmente.
 - Traballar na recuperación de especies como as abellas.
 - Manter limpo o entorno natural.
 - Contribuír á prevención de incendios forestais.
 - Introducir aos participantes na importancia da conservación e recuperación das fragas
 - Dar a coñecer a flora e fauna das fragas, así como o seu uso tradicional e os problemas que lles afectan con todos os medios ao noso alcance.
 - Elaborar material gráfico de divulgación para dar a coñecer parte do noso patrimonio natural como son fragas e vexetación de ribeira, os seus usos tradicionais e cultura.

- Obxectivo xeral: Mantemento do campo e o seu entorno evitando o posible impacto negativo que poida producir
 - Traballar no mantemento da súa contorna.
 - Organizar o entono de xeito que sexa o máis natural posible sin que produza unha rotura co mesmo.
 - Mellorar as instalacións con aquelas construcións, que sin romper o entorno, sexan necesarias para o mellor funcionamento do campo.
 - Contribuír a que o deterioro non dé unha imaxe negativa e rompa o conxunto da paisaxe.

- Obxectivo xeral: Fomentar o desenvolvemento persoal dos voluntarios.
 - Fomentar habilidades sociais tendo en conta o entorno natural.
 - Favorecer actitudes de amizade, solidariedade e tolerancia.
 - Aumentar a autoestima dos voluntarios e a convicción de que pode ser útil para outras persoas e para o seu entorno.
 - Favorecer o disfrute do medio no que se desenvolven a través de diferentes actividades lúdicas.

- Obxectivo xeral: Fomentar o traballo social e darlle o valor que realmente ten
 - Dar a coñecer aos xovenes o valor do traballo social.
 - Involucrar aos xovenes no desenvolvemento de traballo social
 - Involucrar aos xoves no desenvolvemento de traballo social.

Dentro do primeiro obxectivo conseguimos o de realizar a recuperación de árbores autóctonas, manter limpo o entorno natural favorecendo así a prevención dos incendios. Damos a coñecer aos participantes o entorno que estaban axudando a conservar



explicando como son as fragas, que biodiversidade podemos atopar, porque se plantan esas especies en concreto, os problemas que sofren os nosos bosques autóctonos, ... Como eran poucos voluntarios non conseguimos chegar á realización de casas para as abellas polo que este ano non podemos colocar ningunha nova, tal como xa apuntábamos que podía pasar na modificación do proxecto de cara á nova realidade da COVID-19.

A eliminación de maleza fíxose, a lo menos unha parte importante, anticipadamente á chegada dos voluntarios, xa que ao ser poucos priorizamos a plantación de árbores de cara aos voluntarios. A eliminación de dita maleza por parte dos voluntarios e a reforestación con especies autóctonas contribúe á mellora da paisaxe, á recuperación dos nosos bosques, a baixar o índice de risco de incendio, e á conservación da biodiversidade, entre outras cousas. A eliminación de lixo das beiras do río Eume ao seu paso por Vilarbó axuda á mellora do entorno, á maior limpeza das augas, e contribúe a que non se produza acumulación de entullos nas beiras e na zona da presa.

Achegamos aos participantes á nosa cultura a través das diferentes saídas e excursións.

Os roteiros polo entorno axudaron aos participantes a comprobar a riqueza das nosas fragas, e a conta de lendas nunha das veladas, na que non faltaron tampouco historias de persoeiros míticos da nosa cultura relacionados cos bosques, axudaron no entendemento do bosque e a importancia que tiña noutras épocas e ten nos nosos días.

Co resto das actividades complementarias, desenvolvidas case todas no exterior (paintball, arco, actividades acuáticas, travesía polo Eume, ...) aprenderon a disfrutar no medio desde un punto de respecto e sen dano para o mesmo. Con outras como artesanía desenvolveron a súa capacidade creativa e destreza.

Os traballos realizados no campo axudan aos voluntarios a tomar conciencia de que se pode vivir en harmonía coa natureza e da importancia da súa labor para o medio e sobre todo para os que nel vivimos. A evidencia deste traballo social serve de fermento para espertar e difundir a importancia do traballo social e voluntario entre os máis novos.

PARTICIPANTES

O campo ofertouse para un total de 12 prazas das que foron ocupadas 10. Dos 10 participantes 6 eran rapaces (60 %) e 4 rapazas (40%)



Se falamos do persoal técnico indicar que o campo contou cun director e dous monitores responsables do campo, apoiados por un socorrista, o persoal de cociña e unha monitora en prácticas

Cada un tiña unha actividade que desenvolver así o monitorado, incluídos o socorrista e a monitora en prácticas, era o encargado de preparar e dirixir os traballos, así como de atender ao grupo en todas as súas necesidades. Ademais un deles era responsable coordinador COVID-19.



O persoal de cociña estaba encargado da alimentación dos voluntarios e persoal técnico.

A dirección é responsable final da coordinación e xestión do campo.

HORARIO

En xeral o horario era o seguinte: pola mañá o traballo, e pola tarde logo do xantar e un pequeno descanso, realizaban as actividades complementarias.

Os sábados e domingos o horario cambiaba sensiblemente xa que non tiñan actividade de traballo, pero si a limpeza e orde no espazo común e nas súas propias pertenzas. Contaban tamén con actividades complementarias

A excursión de todo o día levouse a cabo o sábado 25 de xullo, comendo nun espazo natural. Este ano, por mor da COVID-19, as saídas foron moi diferentes. Concertadas para non estar en contacto con outros grupos, a lugares naturais, ..

Horario de diario		Sábados e domingos	
9:00 - 10:00	Aseo e almorzo.	10:00-10:30	Aseo e almorzo.
10:00 - 11:30	Traballo	10:30 - 12:00	Limpeza e orde nas pertenzas
11:30-11:45	Descanso	12:00-14:00	Actividade complementaria
11:45-14:00	Traballo	14:00-14:30	Descanso, aseo
14:00-14:30	Aseo, descanso.	14:30-16:00	xantar.
14:30-16:30	Xantar, descanso	16:00-18:00	Actividade complementaria
16:30-18:00	Actividade complementaria	18:00-18:30	Merenda
18:00-18:30	Merenda	18:30-19:15	Actividade complementaria
18:30-20:00	Actividade complementaria	19:15-19:45	Aseo
20:00-22:30	Descanso e cea	19:45-21:30	Descanso
22:30	Actividade de animación.	21:30-22:30	Cea
		8:00 - 9:00	Limpeza, aseo e almorzo.
		9:00 - en adiante	Animación

ACTIVIDADE

Plantáronse arredor de 100 árbores autóctonas (carballos, serbais, ameneiros,...) para recuperar parte da fraga que nos rodea que está envellecida e para recuperar zonas que ata o momento eran grandes toxais. Estamos tamén a recuperar parte do bosque de ribeira que se extendía ao longo das beiras do río e que desapareceu baixo as augas do encoro cando se fixo o encoro de A Ribeira. Este ano algunhas das árbores (os serbais principalmente) superaban os dous metros polo que requerían dun maior tempo e esforzo na súa plantación.



Desbrozouse unha área eliminando de maleza que linda coa zona de bosque preto do campamento, diminuindo así o risco de incendio dunha zona de fraga antiga e un bosque de ribeira en proceso de recuperación, logo da súa perda pola construción do encoro. Tamén se eliminou maleza da zona de plantación, pero esta parte foi feita uns días antes polos monitores/as encargadas do campo.

Limpose a beira do río Eume, nun tramo importante. Este ano o nivel da auga era moi baixo polo que permitiu limpar ben as beiras, principalmente plásticos e microplásticos así como restos deixados polos seres humanos no seu disfrute do medio natural (latas, plásticos de golosinas, botellas de vidro,), e outros de orixe humana como (restos de tubos, restos de frascos de medicamentos de veterinaria, ...). Pero tamén eliminamos restos naturais como paus que arrastra o río ao longo do ano e que nas beiras axuda ao acumulación de entullos e que preto da presa poden ser un problema para a mesma.



Cada voluntario dispoñía do seu propio par de luvas que gardaba da súa man para evitar que outros os tocasen. Os participantes voluntarios contaron en todo momento con luvas e máscaras á súa disposición por si lles fixese falla, así como outros elementos de protección necesarios para cada labor. Cada voluntario dispoñía da ferramenta axeitada para cada uso.

Antes e logo de cada actividade tiñan á súa disposición o xel hidroalcohólico para a hixienización das mans.

Ao remate de cada actividade realizábase a hixienización da ferramenta (gaias, galletas, pas alaias, sachos, desbrozadoras, ...) utilizada, gardandoa ata o día seguinte en lugar seguro para que ninguén a poidese tocar.

Dentro das actividades complementarias fíxose unha excursión cultural de todo o día, o roteiro entre castelos. Foi unha excursión diferente a outros anos xa que pola COVID-19 procuramos buscar zonas pouco masificadas e visitas concertadas para asegurar que fosemos os únicos nese horario. A visita comezou cunha visita guiada no Castelo de Moeche, logo desplazámonos para visitar o Castelo de Narahio, xantamos de campo ao pé do río Castro, pola tarde visitamos o Castelo de Andrade e logo dun pequeno descanso nos arredores visitamos o mosteiro de Santa María de Monfero.



Unha das tardes fixose unha saída para visitar o museo etnográfico Monte Caxado de As Pontes, con visita concertada e explicación por parte do seu fundador Don José María Ferro.

Outra tarde fixemos unha visita para ver o canón do pantano de Goente e rematamos na praia do lago, buscando a zona máis alonxada para evitar o contacto con outros usuarios da mesma. O certo é que non había moita xente, e a que había eran familias con nenos e nenas pequenas que estaban principalmente na entrada. Decir ademáis que a zona do areal estaba marcada, uns paus e cordas marcaban as parcelas e os ocos que había que deixar para garantir a distancia de seguridade.


Realizáronse actividades deportivas, como actividades acuáticas (baño, xogos na auga, canoa, ...), fixemos ademáis unha travesía polo río Eume ao longo dunha tarde. Desenvolvemos unha batalla de paintball, probaron a súa puntería en tiro con arco, e organizaron uns partidos de voleiball, ...



Realizamos un roteiro polos arredores en Somede podendo contemplar o aproveitamento que facían os nosos abos da auga dun pequeno regato a través dos diferente muiños, de non doado acceso. A visión de estos muiños, hoxe abandoados, e cascadas que forma este pequeno rego que circula polo medio dun bosque autóctono, fai que este roteiro en costa pague a pena.



No campo tamén realizamos un obradoiro de coiro no que elaboraron pequenas pezas, como carteiras, monedeiros, pequenos bolsos, fundas de gafas, pulseiras.... Nel aparte de



aprender a existencia e o uso de diferentes ferramentas como leznas, punzóns, maticantes, burís, ruletas,, desenvolveron a súa destreza e capacidade creativa.

Dentro das veladas nocturnas disfrutaron de tertulias, desenvolveron as súas capacidades vocais no karaoke, intercambiaron mitos e lendas, visionaron cine, fixeron xogos de investigación tipo Cluedo... segundo as súas apetencias.

INCIDENCIAS

Non houbo incidencias que destacar, o campo desenvolveuse con normalidade.

Hai que dicir que o persoal voluntario foi respetuoso en todo momento co protocolo da COVID-19 cumprindo as normas establecidas.

Polo que podemos dicir que a **valoración** do campo de voluntariado de medio ambiente é **positiva**, levamos a cabo esta actividade a pesar das dificultades que se presetaban ao longo do ano

2- ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NANATUREZA VILARBÓ



**CAMPAMENTO MULTIAVENTURA
DO 31 DE XULLO AO 8 DE AGOSTO**

**CAMPAMENTO ROBINSON
DO 9 AO 15 DE AGOSTO**

ORGANIZA:





Logo dun ano tan atípico e dunha primavera na que a cidadanía estivo confinada na súa casa afrontamos o verán coa incertidume de si poderíamos realizar ou no actividades ao aire libre.

Logo de varias consultas, de estrullar os miolos entre profesionais do tempo libre, institucións, epidemiólogos, conseguimos crear un protocolo de actuación para poder desenvolver diferentes actividades ao aire libre.

Con todo este ir e vir, a incertidume, as redaccións, as enmendas, e demais logramos realizar actividades a partir de mediados de xullo.

E así logo de varias consultas, entrevistas, revisións de protocolos, ... os concellos de As Pontes de García Rodríguez e Pontedeume aprobaron seguir adiante coa realización das ACAMPADAS INTERMUNICIPAIS NA NATUREZA.

Realmente ao traballar con grupos burbulla, nun medio natural o risco de contaxio era baixo, e a actividade non deixaba de ser un confinamento no medio natural.

Pero a actividade houbo de sufrir varios cambios: traballar en grupos burbulla, ceñirse a un protocolo de actuación, eliminar as actividades que implicaban maior contacto, reducir o número de días, ´reducir moito o número de participantes...

Temos que dicir que a pesar de reducir o número de participantes os pais non se animaron a enviar aos seus fillos e fillas aos campamentos polo que a participación foi baixa pero os que participaron disfrutaron duns días de tranquilidade e disfrute de actividades nun medio natural.

O noso agradecemento a todos os participantes polo seu bo comportamento, aos pais pola súa confianza e responsabilidade, ao equipo técnico que como bos profesionais se implicaron dende o primeiro momento en cumprir e facer cumprir os protocolos, e ás autoridades sin cuio respaldo a actividade non podería saír adiante.

Foi unha experiencia diferente, da que os participantes, tanto campistas como equipo técnico disfrutaron, e da que, debido ás circunstancias da pandemia, non se van esquecer.

Neste ano tan escuro alo no verán poidemos disfrutar da realización de actividades, dun xeito diferente a como as viñamos facendo, pero fixemolas, como esta das Acampadas que foi unha experiencia moi diferente á dos outros anos.

Agardamos que no 2021 poidamos repetila aínda con máis garantías de saúde.



OBXECTIVOS ACADADOS

Dentro dos obxectivos propostos:

a) Xerais:

- Facilitar o contacto do campista coa Natureza.
- Fomentar a preocupación polo Medio, o seu coñecemento e conservación.
- Promover os valores do “Campismo de Fortuna”.
- Fomentar a convivencia entre rapaces de distinta procedencia.
- Homologar titulacións de tempo libre.

b) Específicos:

- Realizar unha vivencia práctica na Natureza dentro dun “Campismo de Fortuna”.
- Fomentar e coidar o entorno que constituen as fragas de Vilarbó.
- Traducir estas normas de respecto de entorno á vida cotia convertíndoo nunha norma e non nunha excepción.
- Coñecer a flora e fauna das fragas do Eume.
- Crear un ambiente de compañeirismo, convivencia, amizade, grupo,...
- Promover a participación activa do campista en coidado do campamento e o seu entorno.
- Aportar unha diversidade de experiencias para unha mellor comprensión do Medio Ambiente.
- Aprender e desenvolver diferentes técnicas manuais e motrices a través de dinámicas recreativas.
- Realizar actividades dentro dun marco natural: Deportivo-recreativas, culturais, de Educación Ambiental, de Aire Libre.

Vilarbó, como área natural, permite acadar facilmente o primeiro dos obxectivos xa que permite o contacto do campista coa natureza, e axuda ao seu coñecemento e, todos sabemos, que desde o coñecemento se esperta o respecto e o afán pola conservación.

As circunstancias que vivimos por mor da pandemia fixeron que máis que nunca os valores do “Campismo de Fortuna” se puxesen en valor.

Ao ser unha acampada a convivencia, aínda coas circunstancias tan especiais que había que seguir polo protocolos, está asegurada.

E o último dos obxectivos tamén se acadou xa que a realización das Acampadas permitiu ás persoas que tiñan feito o curso de monitor/a de actividades de tempo libre poidesen facer as prácticas e conseguir así o título.

A realización das diferentes actividades permitiu non só o disfrute do medio e do tempo libre, senón tamén o desenvolvemento de destrezas persoais e sociais que podían estar, ou no, ocultas nos participantes.

As actividades deportivas e os xogos permitiron o desenvolvemento de actitudes físicas, incluso con algunhas como o paintbals desenvolveron ademais as súas capacidades de organización e liderazgo,estratexia, ...son as actividades de artesanía e animación as que axudan ao seu desenvolvemento creativo, social, e habilidades manuais, así como o manexo de instrumentos. o medio ambiente axuados a coñecer o entorno,



Pero tan importante é a súa relación cos compañeiros, as habilidades sociais, a amizade, o xogo en equipo, a igualdade entre sexos, que tamén van aprendendo da convivencia diaria. Todo esto axudalles a acadar unha certa madurez e autornomía favorecendo así a elevación da súa autoestima.

TEMPORALIZACIÓN

Levamos a cabo dous turnos de acampada:

Campamento multiaventura, destinado a rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 12 e os 16 anos. Este turno traxurriu entre os días 31 de xullo e 8 de agosto.

Campamento Robinsón, para rapaces e rapazas de idades comprendidas entre 8 a 12 anos. Este turno traxurriu este ano entre os días 9 e 15 de agosto.

LOCALIZACIÓN

A realización da actividade levouse a cabo no lugar de Vilarbó, detro do concello de As Pontes. Vilarbó é un área natural situada no concello de As Pontes, a aproximadamente 8 kilómetros do centro. Esta área natural está formada polas fragas do Eume, da zona non pertencente ó parque, pero na que abundan castiñeiros, carballos, bidueiros, abeleiras,, e tamén vexetación típica de ribeira (ameneiros, salgueiros,), recuperada en parte por nós, non esquezamos que estamos ó lado do río Eume

Aquí contamos cunhas instalacións básicas: edificio destinado a cociña e comedor, servizos, para nenos e para nenas, duchas, pero tamén hai un edificio para sanidade, outros tres para a realización de actividades como pode ser a artesanía.. As instalacións contan ademáis con tres bungalows de madeira destinados a dormitorio que non son utilizados nas acampadas senón nos campos de voluntariado e nas actividades de inverno.

Ó resto das 20 hectáreas coas que conta o campamento están divididas nunhas zonas claras:

- Unha zona de acampada, onde se sitúan as tendas dos rapaces e rapazas, monitores e monitoras, así como dirección, xa que todos durmimos en tendas de campaña.
- Dúas zonas de xogos, onde se desenvolven actividades como xogos predeportivos, voleiball, ...
- A zona de paintball, deseñada con distintos agochos e parapetos preparados para o desenvolvemento da actividade.
- A zona de xogos acuáticos e canoa, onde está situado o pantalán. Na zona hai unha pouca de ribeira para facer xogos antes de meterse nas canoas ou na auga, ou para tomar o sol ó saír.
- Zona de acampada de río. Zona preto do campamento onde pasan unha noite cada un dos grupos cunha serie de monitores



conocendose mellor os componentes do grupo e realizando actividades relacionada co aire libre.

Contamos ademais, cunha tenda de 12 metros de longo que fai as función de almacén e outra tenda de 15 metros que se usa para realizar actividades en caso de mal tempo.

CAMPAMENTO MULTIAVENTURA

PARTICIPANTES

Por mor da COVID19 o número de plazas non era moi elevado coa intención de ofertar unha actividade aos xovenes logo dun longo tempo de confinamento. Pero o medo aos contaxios e a prudencia dos país fixo que a asistencia fose escasa.

O campamento multiaventura está destinado a rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos procedentes de concellos como As Pontes, Neda, Pontedeume, e concellos aledaños aos mesmos. Conta con 50 plazas.

Este ano contamos cunha matriculación de 26 matriculados e ao final incorporáronse 25. A ocupación foi do 50 %.

ACTIVIDADES

As actividades foron escollidas para que no seu desenvolvemento se puidesen cumprir as normas COVID19 do protocolo.

- Actividades acuáticas: Esta foi unha das actividades que se pouderon levar a cabo porque se respetaba a distancia, é unha actividade que se desenvolve no medio natural e todo eso favorece que as posibilidades de contaxio fosen pequenas.
Dentro de esta actividade fixemos actividades e xogos na auga escollendo aqueles nos que non había contacto, utilizamos tamén as canoas. É a verdade é que disfrutaron bastante da actividade en sí.
- Splatmaster: Esta actividade tamén permite o xogo sin o contacto entre os participantes, xa que en condicións normais hai unha distancia de tiro mínima que é superior á indicada de distanciamento pola COVID. Somentes terían que xuntarse para a elaboración da estratexia algo que queda medio resolto cando o monitor lle entrega a cada un unha misión, ou lles impón a todos o mesmo obxectivo.
- Volei: Aquí tamén se poden gardar as distancias e na maior parte das veces usaron a máscara no transcurso dos partidos porque xa estaban tan habituados a levala que esquecían quitala.
- Xogos: os xogos esollidos foron xogos que non requirirán contacto físico entre si.



- Tiro con arco: é unha actividade que se practica de xeito individual polo que cumpliu perfectamene coas disposicións.
- Medio Ambiente: entre outras actividades fixemos xogos, que se buscaron aqueles que nos que non houbera contacto físico, e observación de aves polo que as normas se cumpriron á perfección.
- Roteiro: o roteiro permite meter as distancias perfectamente polo que poideron disfrutar dun bo paseo a través do bosque atlántico que todavía se conserva na zona.
- Descenso polo Eume: Disfrutaron dunha bonita travesía a través do pantano do Eume, disfrutando de lendas e contos, así como de descubrir antigas casas abandonadas ou sepultadas baixo o pantano.
- Artesanía: Nesta actividade traballaron co coiro realizando pequenas pezas. Cada un utilizaba as ferramentas que se lle entregaban e estas desinfectanse antes de pasar a outro compañeiro.
- Animación: a animación nocturna tan importante dentro do campamento escolleu tamén aqueles xogos que non requerían contacto físico. A animación dos grupos era por separado, aínda que como na maior parte dos casos foi no exterior un grupo podía comunicarse co outro facilmente de xeito que en algunhas actividades había piques entre os grupos.

CAMPAMENTO ROBINSON

PARTICIPANTES

No turno do campamento Robinsón, dirixido a participantes de idades entre os 8 e 12 anos, había igualmente eran 50 plazas das que se cubriron 24 aínda que había 25 apuntados, pero no último momento un dos rapaces apuntados non se incorporou por proximidade a un sospeitoso de padecer o virus.

ACTIVIDADES

As actividades foron escollidas para que no seu desenvolvemento se puidesen cumprir as normas COVID19 do protocolo e tamén axeitadas á idade dos participantes.

- Actividades acuáticas: Esta actividade permite respetar a distancia, é o seu desenvolvemento no medio natural fai que as posibilidades de contaxio fosen pequenas.
Escollemos aqueles xogos que mantiñan as distancias, realizamos pequenas travesías en canoa e kaiak.
- Splatmaster: Esta actividade no seu desenvolvemento necesita unha distancia somentes se xuntan os do mesmo equipo para elaborar as estratexias para conseguir os obxectivos. Pero este ano foi o monitor os que lles otorgou as “misións” de xeito individual evitando así esa parte.
- Hockey: Aquí tamén se poden gardar as distancias sin problema.



- Xogos: os xogos esollidos foron xogos que non requirirán contacto físico entre si.
- Tiro con arco: é unha actividade que se practica de xeito individual polo que cumpliu perfectamene coas disposicións.
- Medio Ambiente: entre outras actividades fixemos xogos, que se buscaron aqueles que nos que non houbo contacto físico, polo que as normas se cumpriron á perfección.
- Roteiro: o roteiro permite manter as distancias perfectamente polo que poideron disfrutar dun bo paseo a través do bosque atlántico que todavía se conserva na zona.
- Artelladas: Nesta actividade traballaron con tea de feltro e igualmente traballaron coas ferramentas que se lles asignaron desinfectandoas cando tiñan que cambiar de mans.
- Obradoiro de cor: Neste apartado cada un é dono da súa propia creatividade a partir dun proxecto indicado pola persoa que está dirixindo a actividade. Tanto esta actividade como a de artelladas levábanse a cabo no exterior sempre que era posible polo que as distancias se gardaron perfectamente.
- Ximcana: unha ximcana que aínda que a participación era por equipos pertencentes á mesma burbulla, cada equipo designaba a persoa que ía realizar cada unha das probas da ximcana de xeito que non podían repetir, búscabase a participación e como non que cada un de eles participase na actividade que se lle daba mellor co fin de sumar máis puntos para o seu equipo e gañar.
- Animación: a animación nocturna tan importante dentro do campamento escolleu tamén aqueles xogos que non requirían contacto físico. A animación dos grupos era por separado, aínda que como na maior parte dos casos foi no exterior un grupo podía comunicarse co outro facilmente de xeito que en algunhas actividades había piques entre os grupos.

INCIDENCIAS

Non houbo incidencias., posiblemente porque os grupos eran pequenos e estaban bastante controlados.

VALORACIÓN

A valoración dos dous turnos é positiva a pesar da pouca asistencia. O comportamento dos participantes foi en todo momento exemplar á hora de seguir os protocolos, na participación, no compañerismo, ...

Destacar tamén o comportamento e o compromiso dos pais xa que en todo momento foron moi prudentes e respetuosos.

Igualmente o equipo técnico estivo ao nivel esixido cumprindo e facer cumprir o protocolo

3- CAMPAMENTO URBANOPONTEDEUME

MEMORIA



Introdución

Pese á pandemia xerada pola COVID-19 que nos mantuvo confinados ao longo de tres meses, cando voltamos á “nova normalidade” o concello de Pontedeume, sensible ás necesidades de pais e nenos, apostou por levar a cabo o Campamento de Verán Rueil@s 2020 organizado través da Concellaría de Asuntos Sociais, Debido a que esta “nova realidade” requería dunhas normas claras e precisas, que se materializaron en forma de protocolos, co fin de evitar os posibles contaxios o inicio da actividade retrasouse ata a segunda quincena de xullo continuando logo ao longo de Agosto. A dirección técnica foi a cargo da Asociación Escola de Tempo e Aire Libre Néboa.

Este proxecto:

- Conta cunha primeira finalidade educativa e formativa na que buscamos educar no tempo libre, dun xeito lúdico e buscando sempre o desenvolvemento integral e igualitario dos/as participantes.
- Unha segunda finalidade está centrada na necesidade de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral tamén neste tempo da COVID-19.

Para desenvolver a actividade con maior seguridade dando resposta ás necesidades de conciliación da vida familiar e laboral o concello decidiu repartir os participantes en dous colexios: o CEIP Couceiro Freijomil, localizado no núcleo urbano, e do CEIP Andrade, fora do casco urbano.

Este ano o tema a tratar foi a volta ao mundo.

Obxectivos propostos e acadados

Obxectivos xerais propostos:

- Contribuír a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias do Concello de Pontedeume.
 - a. Solucionar a problemática da conciliación ás distintas familias dos e das



- participantes durante o verán.
- b. Proporcionar alternativas á conciliación a través de programas de ocio e tempo libre que faciliten alternativas para a conciliación.
- Favorecer a maduración e o desenvolvemento persoal de cada participante, con especial incidencia na educación en valores e a convivencia cos demais.
 - a. Potenciar valores sociais como a solidariedade, a cooperación e a igualdade, amosándoos como fundamentais para a integración social.
 - b. Desenvolver as habilidades sociais dos e das participantes e as responsabilidades persoais precisas ao convivir en grupo.
 - c. Fomentar a igualdade nas tarefas máis habituais da nosa vida cotiá.
 - d. Educar nas normas hixiénico sanitarias e de convivo que a “nova normalidade” nos esixe.
 - Introducir no coñecemento e o coidado do mundo natural e a comprensión do noso entorno, descubriendo que non é algo inerte
 - a. Concienciar da necesidade de respectar a natureza, comprendendo que redundará no noso propio benestar.

Obxectivos acadados:

- O obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias do Concello de Pontedeume foi cumprido porque os participantes tiñan una franxa horaria de incorporación e retirada ampla que facilita a laboura das familias.
- As nosas actividades e programas axudan á maduración e desenvolvemento persoal dos participantes. En todas as actividades se traballa a educación en valores (solidariedade, cooperación, idgualdade, ...) e o convivo cos demais, aparte das diferentes habilidades psicomotoras.
- Educamos nas norma hixienico saitarias adptadas á “nova realidade” pero realmente foi moi fácil porque o tiñan ben aprendido. Non houbo que chamar nunca a atención polo uso da máscara ou a limpeza das mans, o tema da distancia xa foi outra cousa, había que avisalos porque



sin se dar conta tendían a achegarse reducindo a distancia.

- Coa separación selectiva, o aproveitamento de materiais, o coñecemento do medio, ..., axudamos á comprensión do noso entorno e aprendemos algunhas cousas que podemos facer para a súa conservación.

Temporalización

O campamento levouse a cabo entre os días 15 de xullo e 30 de agosto. De luns a venres en horario de 8:00 a 14:00 horas. O horario tipo foi o seguinte:

- 08:30 a 10:00 conciliación,
- 10:00 a 11:15 a primeira actividade,
- 11:15 a 12:00 merenda e descanso;
- 12:00 a 13:15 a segunda actividade
- 13:15 a 14:00 volta á calma, recoller e animación xeral

Localización

As actividades desenvolveronse nos colexios CEIP Couceiro Freijomil, localizado na Avenida do Peirao, e o CEIP Andrade, ubicado a uns 5 km do casco urbano de Pontedeume, ambos reúnen todos os requisitos para poder traballar con comodidade e seguridade.

No CEIP Couceiro Freijomil, dispuxemos de:

- Dúas aulas de educación infantil, na que se desenvolveu o obradoiro de artesanía e outros obradoiros, e que tamén usamos cós outros módulos cando o tempo non permitía realizar os xogos fora. Ámbalas dúas convenientemente dotadas de mesas e cadeiras adaptadas ás idades dos nenos e nenas participantes, cunha billa na que coller auga e con cada seu aseo.
- Unha terceira aula de educación infantil que se empregou como almacén para poder gardar todo o material sen necesidade de ocupar espazo na aula de usos múltiples.
- Un espazo de usos múltiple, onde facíamos a proxección das películas no taller de Cine e o utilizamos de patio interior se chovía.



- Unha pista polideportiva ó aire libre na que desenvolvéronse a maior parte dos xogos programados.
- Un patio con parque infantil.



No CEIP Andrade, dispuxemos dunhas amplias instalacións, sobre todo no exterior que nos deron moito xogo. Dispoñemos de:

- 1-Un aula de educación infantil, dotada dun baño compartido coa aula de usos múltiples. A aula contaba con cadeiras e mesas axeitadas aos máis pequenos/as.
- 2-Un aula de usos múltiples, na que, ademais de ter mesas e cadeiras, dispoñía dunha billa con auga, dun amplo espazo, e dun escenario.
- 3-Unha pista polideportiva, perfecta para facer xogos e educación vial.
- 4-Un patio cuberto, dotado cun baño e con acceso a un pequeno ximnasio, ao que tamén tiñamos acceso.

Un parque, un recurso moi necesario para os momentos posteriores da merenda e para cando os nenos/as están cansos/as das actividades



Participantes e distribución

Este ano, co tema do COVID-19, o número de prazas veuse reducido polo protocolo e as normas establecidas pola Xunta de Galicia. O número de prazas ofertadas foi de 50,



repartidas para maior seguridade entre os dou colexios, polo que houbo 25 prazas para cada colexio

No colexio do Couceiro Freijomil houbo un total de 24 participantes, mentres que no CEIP Andrade houbo 21 participantes, e tiveron cabida, por quenda, un total de 25 nenas/os de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

A inscrición dábase de forma quincenal, polo que o número de participantes variou levemente en función desta premisa ao longo do verán.

Equipo Técnico

A dirección do campamento mantivo contacto tanto coa dirección da Asociación Néboa como co departamento de asuntos sociais do concello mantendoos informados da situación. En cada centro houbo una persoa que dirixía as actividades mantendose ambos responsables en contacto para a coordinación das actividades nos dous colexios.

Este ano, co tema do COVID-19, traballamos con grupos burbulla tratando de que os grupos non se mixturasen e que os educadores i educadoras estiveran sempre co mesmo grupo. Contamos ademáis cun monitor/a de apoio, que ademáis de axudar ao resto do equipo nas labouras que se lle encomendaban, era o/a encargado/a de que o material que se empregara en cada actividade quedara desinfectado para o uso do seguinte grupo.

ACTIVIDADES

As actividades levaronse a cabo tomando as precaucións necesarias para evitar o risco de contaxio entre os participantes.

❖ **Actividades do módulo de xogos**

Para levar a cabo este módulo empregouse, sempre que o tempo o permitiu, o patio exterior do colexio. As sesións tiñan unha duración de hora e cuarto, a dinámica era sempre a mesma, primeiro adicábase un tempo a explicar os xogos, e despois xogábase. Neste módulo fixéronse xogos de tipo predeportivo.

O COVID-19 fixo que os xogos, ao igual que o resto de actividades propostas, tivesen que ser estudadas e adaptadas para cumprir coas normas.

Como o proxecto estaba adicado á volta ao mundo desenvolvimos xogos de varios países (croquet, hockey, baseball, ...) e descubrimos que moitos eran moi semellantes aos que xogamos aquí, e outros que son común a todos os países simplemente lle cambia o nome.

❖ **Actividades do módulo de animación**

Este módulo facíase na aula de psicomotricidade, no patio exterior e algunha vez utilizouse unha das aulas. As sesións duraban hora e cuarto.

Normalmente, a primeira sesión de cada quincena se dedica a facer xogos de presentación para que todos os nenos/as se coñezan entre eles. Este ano, só se fixo na primeira quincena do campamento, xa que practicamente foron os mesmos nenos/as nas tres quincenas

Realizamos bailes, sesións de zumba na que desenvolvemos unha coreografía para unha canción escollida e modificada por todos nós, ademais realizamos xogos con música como o xogo das cadeiras ou con aros

Este ano desenvolvimos algunhas actividades novas, como un “Talent show” no que os campistas tiñan que demostrar aos demais unha capacidade que se lles daba moi ben



❖ **Actividades do módulo de creatividade**

Este ano cada grupo tiña a súa aula, polo que alí era onde se realizaban as actividades de creatividade.

Algunhas das actividades que fixeron os participantes foron as seguintes:

- Decoración de muráis, marcapáxinas coa efíxie da Torre Eiffel , máscaras gregas, papiros exipcios, un dragón chines, unas bolas temari xaponesas (moi particulares), koalas australianos como adorno do lápiz, atrapasoños dos indios americanos, piñatas mexicanas,....



❖ Actividades do módulo de obradoiros



- Engloba varias cousas, así inclúe cine, (poxectamos películas, como “Coco”, “Paddington” e “Mulan” “Monstruos S.A.” ...), sesións de contacontos, actividades de educación vial cos kars, xogos en inglés adaptados ás idades dos nenos (reparar as cores, os números, as formas e algunhas instrucións como aplaudir, mirar cara ós lados, levantarse e sentarse... para os máis pequenos e , e como non, diversos xogos en inglés, sesións de bingo en inglés. cancións coreografiadas,...)
- No tema da igoaldade trabllamos con contos, vídeos (“Cuerdas”, “El príncipe ceniciento”), historias, xogos e algunha manualidade.
- Normalmente neste obradoiro entran tamén os obradoiros de cociña e as excursións, ambas actividades suprimidas por mor da COVID-19



INCIDENCIAS

o campamento discorreu con total normalidade e sen incidencias agás as típicas dun campamento. Hai que destacar que aínda que a sombra da COVID-19 planeaba sobre toda a poboación, non tiuvemos ningún caso, os participantes en todo momento cumpriron coas normas establecidas e as súas familias actuaron sempre con moita sensatez. O que si poidemos comprobar foi os estragos que fixo nalguns nenos o confinamento:

- Contamos cun rapaz co trastorno do espectro autista, o neno xa era coñecido porque participara outros anos, pero debido á COVID-19 viña de perder todas as rutinas, comportándose en determinados momentos agresivo co persoal técnico e para si mesmo, con paciencia e axuda da familia conseguimos a súa adaptación ás normas e á relación con mais xente que non fose da familia.
- Contamos tamén, no outro colexio, cun pequeno que estaba en proceso de diagnóstico polos especialistas. Con nula relación cos demais. Non causou problemas, pero si necesitaba unha persoa continuamente pendente de él xa que non se relacionaba co grupo tendendo sempre a xogar so.





VALORACIÓN

A valoración do campamento é positiva xa que poidemos realizar esta actividade permitindo que os máis novos recuperasen a súa actividade, voltando a realizar actividades e a disfrutar da compañía doutros compañeiros e amigos o que podemos dicir que foi como un soplo de aire fresco en medio de toda esta pandemia.

Avaliamos a experiencia de traballar con grupos burbulla como positiva, aínda que nos máis maiores botaban de menos o achegamento. Avaliamos moito as actividades que se desenvolveron no campamento, tanto antes como despois, facendo as adaptacións precisas para que fosen seguras e realizar a rectificación inmediata si fose preciso ou cambiar de xogo ou actividade.

As avaliacións diarias e semanais, permitían avaliar se os obxetivos estaban a ser cumpridos ou no e introducir as medidas correctivas necesarias, ou potenciar as positivas existentes para a súa consecución.

Importante sobre todo, o grao de disfrute dos e das participantes que se sondeaba non so a través da observación senón que o persoal técnico se interesaba pola opinión dos participantes.

O clima construído polo persoal técnico foi moi agradable, fomentando por parte de tod@s a cooperación, a comunicación e o traballo en equipo á hora de realizar as actividades o que fixo que estas fluísen con gran axilidade. Ademais o equipo técnico se implicou co protocolo de actuación (acatando e facendo acatar as normas, desinfectando o material, tendo moito coidade nas súas relacións persoais ...) e formándose en como actuar para evitar posibles contaxios.





AREA FORMATIVAMEMORIA



A area formativa tan importante dentro da nosa asociación foi unha das áreas con maior problemas para levar a cabo as actividades programadas, ou o que é o mesmo os cursos programados. Algúns quedaron por iniciar por coincidir o seu inicio co inicio do confinamento, outros atoparon moitos obstáculos e outros levaronse a cabo con moitas restriccións e cambios con respecto a outros anos, a fin de cumprir as normativas e tratar de evitar os contaxios.

Temos que dicir que tampouco nesta área tivemos ningún contaxio dentro dos cursos levados a cabo.

Estamos a establecer as medidas necesarias para poder levar a cabo os cursos coa maior seguridade posible.

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2.020



Antes de proceder a facer unha relación dos cursos realizados e non realizados por esta escola de tempo libre durante o ano 2.020 sinalar o grandemente afectada que se veu esta entidade pola crise sanitaria á hora de levar a cabo as actividades formativas no eido do tempo libre que viña realizando nos últimos 25 anos. EVIDENTEMENTE COMA TODAS AS PERSOAS QUE VIMOS A NOSA VIDA TREMENDAMENTE MODIFICADA POR UNHA PANDEMIA SEN PRECEDENTES QUE OBRIGOU ÁS ADMINISTRACIÓNS A TOMAR DECISIONS DRÁSTICAS E AOS CIADÁNS E POÑER A SEGURIDADE POR ENRIBA DE TODAS AS COUSAS.

O ano 2020 vai quedar na memoria de todos por moitas razóns, e no caso concreto da escola de tempo libre Néboa por ser o primeiro ano dende o noso nacemento no que non levamos a cabo ningún curso oficial de tempo libre, no que non deixamos de funcionar a pesares das dificultades, no que tentamos manter unidos aos destinatarios habituais das nosas actividades de formación e atender dende as casas as necesidades dos nosos alumnos/as (solicitudes de prácticas, recepción de *memorias*, *peticións de títulos*, ...).

O *longo período* de confinamento nas casas primeiro e as restriccións impostas na área sanitaria de Ferrol e comarca despois do verán dificultaron enormemente a xestión habitual da escola, as xuntanzas do *claustr*, os *desplazamentos dos alumnos*, ... e *aínda que* a educación a distancia, os encontros virtuais e a formación on line estiveron ahí para tirar deles, a formación en tempo libre se veu privada do seu principal ingrediente, o contacto humano. De ahí esta memoria de actividades tan atípica que esperamos non se volva repetir no ano **2021**.

**CURSOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE
TITULACIÓNS OFICIAIS EN MATERIA DE TEMPO
LIBRE**

CURSO DE MONITOR/A DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE	
DATAS	Por concretar, dende outubro en adiante
DURACIÓN	200 horas a fase teórico-práctica, máis o período de prácticas
LUGAR	Casa da Cultura de Pontedeume
HORARIO	Sábados de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00, e Domingos de 9:00 a 14:00
REQUISITOS	Ser maior de idade e te-lo título de Graduado Escolar ou Educación Secundaria
PARTICIPANTES	O curso vai dirixido a un máximo de 25 Alumnos
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Formar ó alumno/a nas materias esixidas na titulación a impartir. - Capacitar ó alumno/a para a actividade a desempeñar como Monitor de Actividades de Tempo Libre.

A escola de tempo libre Néboa non levou a cabo este curso que inicialmente tiñamos programado, nin un segundo curso de monitores que intentamos levar a cabo no local da propia escola no concello de Neda no mes de marzo; por unha razón ou por outra, ás veces por cuestións relacionadas coa propia escola, outras veces por cuestións relacionadas cos concellos cos que habitualmente vimos colaborando para este tipo de cursos, se foi retrasando a programación dos cursos de monitores e cando xa tiñamos todo en marcha (publicidade, comunicación a Xuventude) chegou o confinamento e xa non puidemos inicialos antes do verán; despois do verán adicamos unha morea de tempo á

formación do profesorado no tema on line, moitos dos profesores da nosa escola non son novos ou non teñen especial relación coa formación on line, a escola non tiña experiencia na formación on line, as xuntanzas do claustro se viron moi limitadas coas restriccións impostas na comarca ferrolá para

frenar a expansión do covid-19, tivemos que adicar moito tempo á elección dunha plataforma axeitada para o profesorado e o alumnado, houbo que formar ao profesorado no manexo da plataforma e crear os materiais para a plataforma, ... Total, que o ano 2020 foi o primeiro da nosa historia como escola sen cursos de monitores, se ben é certo que si levamos a cabo a nosa campaña de verán e alumnos de cursos anteriores poideron realizar as prácticas que tiñan pendentes.

OUTROS CURSOS e ACTIVIDADES

CURSO DE FOTOGRAFÍA DA NATUREZA (perfeccionamento)	
DATAS	20 e 27 de novembro de 2.020
DURACIÓN	20 horas
LUGAR	Local da escola de Ocio e Tempo Libre Néboa e espazos naturais do concello de Neda
HORARIO	De 9:00 a 14:00
REQUISITOS	O curso vai dirixido a monitores de tempo libre que desexen ampliar a súa formación e estará aberto a todas aquelas persoas que estean interesadas no tema.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Afondar nos conceptos básicos da fotografía da natureza - Coñecer de primeira man algunhas das cámaras dixitais máis aptas para a fotografía da natureza, e afondar nos coñecementos sobre o seu manexo. - Realizar varias saídas para practicar in situ os conceptos aprendidos.

Este curso se levou a cabo durante a ponte do Pilar cando o nivel de restriccións na área sanitaria de Ferrol era o básico e os centros de ensino non regrados podíamos impartir ensino de xeito presencial. Para respetar o máximo de seis persoas nas xuntanzas este foi o total de alumnos permitido, tendo en conta ademáis que foi unha actividade que se desenvolveu casen integramente ao aire libre e só tivo dúas horas de ensino nun espacio interior.

CURSO DE COIRO	
DATAS	2, 9, 6 e 23 de maio de 2.020
DURACIÓN	16 horas
LUGAR	Local da escola de Ocio e Tempo Libre Néboa (concello de Neda)
HORARIO	De 10:00 a 14:00
REQUISITOS	O curso vai dirixido a monitores de tempo libre que desexen ampliar a súa formación, ou calquera persoa interesada no tema.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Iniciar nas técnicas básicas de traballo do coiro: cortado de pezas, cosido e debuxo. - Facer creacións sinxelas con coiro. - Coñecer os materiais fundamentais para o traballo do coiro.

Este curso estaba programado para ser realizado no mes de maio e por tanto o confinamento establecido dende marzo a maio e a prudencia do momento nos obrigou á súa cancelación.

NOCIÓNS BÁSICAS DE ORIENTACIÓN CON GPS	
DATAS	5, 12, 19 e 26 de setembro de 2019
DURACIÓN	20 horas
LUGAR	Área recreativa de Vilarbó (As Pontes)
HORARIO	De 9:00 a 14:00
REQUISITOS	O curso vai dirixido a monitores de tempo libre que desexen ampliar a súa formación.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Introducir aos alumnos no mundo da orientación - Achegar aos alumnos ás novas tecnoloxías relacionadas coa orientación: gps, geocaching, ... - Manter actualizados os coñecementos dos monitores de tempo libre en materia de aire libre.

Este curso se levou a cabo coas normas de precaución previstas para as actividades de formación das escolas de tempo libre ao tratarse dunha actividade formativa que se desenvolveu no 80% en espazos exteriores e só un 20% da materia foi impartida en espazos interiores; estivo dirixido a 8 monitores habituais nos campamentos da escola de tempo e aire libre Néboa que querían especializarse en orientación e transcorreu con normalidade nas datas previstas.

CURSO DE ESPECIALISTA EN DISCAPACIDADE (en colaboración coa rede Eduka e baixo a tutela da universidade Juan Carlos I)	
DATAS	On line (datas por determinar)
DURACIÓN	30 horas
LUGAR	On line
HORARIO	-----
REQUISITOS	O curso vai dirixido a monitores de tempo libre que queiran ampliar a súa formación, no eido da Discapacidade.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as características básicas da discapacidade e o seu impacto no desenvolvemento de actividades de ocio. - Sensibilizar aos participantes sobre a realidade das persoas con discapacidade, facilitando o acceso aos servizos de ocio inclusivo. - Recoñecer e aplicar os distintos recursos para o fomento da inclusión das persoas con discapacidade no ámbito do ocio e a animación.

Este curso xa está a ser un clásico na programación de Néboa e este ano o tempo de confinamento axudou a incrementar o interese da xente polo mesmo; contamos cunha ducia de alumnos que realizaron a formación teórica seguindo a programación do curso tal e como estaba prevista de xeito totalmente on line.

SEMINARIO SOBRE CAMPISMO FORTUNA	
DATAS	10 e 11 de Outubro de 2.020
DURACIÓN	16 horas
LUGAR	Área recreativa de Vilarbó (As Pontes).
HORARIO	De 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30
REQUISITOS	Ser monitor voluntario nas Acampadas Intermunicipais que se realizan no verán na área recreativa de Vilarbó e estar en posesión do título de monitor de tempo libre
PARTICIPANTES	Está pensado para un máximo de 30 Monitores
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Avalía-la última edición das Acampadas Intermunicipais na Natureza. - Dar a coñecer o potencial educativo dos campismos Fortuna e Aventura. - Discutir e diseñar novidades nas Acampadas Intermunicipais e novas estratexias de traballo dentro deste tipo de contexto.

Este seminario é outro dos clásicos na programación de Néboa pero a diferenza doutros anos esta vez tivo un horario máis reducido (2 horas o domingo 11 e 2 horas o domingo seguinte) e formato de encontro virtual no transcurso do cal unha quincena de monitores participantes nos campamentos e campos de traballo de Vilarbó valoraron as actividades do verán, deixaron constancia da singularidade da campaña de verán do pasado 2.020 pola crise sanitaria e fixeron as súas propostas de mellora para o ano seguinte

APRENDER A VER CINE	
DATAS	Primeiro e terceiro venres de cada mes, dende outubro a decembro de 2.020
DURACIÓN	15 horas
LUGAR	Local social da escola
HORARIO	19:30 a 20:30
REQUISITOS	O ciclo vai dirixido a todo tipo de participantes adultos.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none"> - Dar a coñecer as principais características do cine dende os seus inicios ata a actualidade. - Fomentar o gusto polo cine e aprender a velo con novos ollos. - Introducir aos participantes no cine menos comercial e máis de autor.

Este curso, inicialmente pensado para facer despois do verán se adiantou e o levamos a cabo durante o confinamento aproveitando que tanto a mestra coma os alumnos interesados dispuxeron de moito tempo para ver cine; comezaron participando 6 persoas no inicio do confinamento e acabaron participando un total de 18 persoas que cada semana vían a película proposta pola mestra e participaban nun encontro virtual no que a mestra facía as explicacións pertinentes sobre a obra cinematográfica e plantexaba un pequeno debate baseado na temática da película. Foi unha actividade moi motivadora e da que todos os alumnos expresaron os seus parabéns á escola de tempo libre pola organización do curso.



AREA CULTURALMEMORIA

As actividades culturais atoparonse con bastantes dificultades para a súa realización nesta “nova realidade” polo que a maior parte das mesmas non se poderon realizar, as veces por mor da pandemia e ás veces porque estábamos levando a cabo outras actividades.

É verdade que non levamos a cabo o proxecto cultural pero si axudamos a levar a cabo as actividades culturais aos rapaces e rapazas de xuventude que as tiñan incluídas no seu proxecto.

As actividades que tiñamos propostas eran:

DATA	ACTIVIDADE
6, 7 de xuño	Recuperación de oficios coiro
12, 13 de xullo	Recuperación de oficios cestería
14 de marzo	Visita –xogo castro lupario
5 setembro	Visita-xogo Castelo de santo Antón
30 Outubro	Obradoiro de cabazas
31 outubro	Celebración de samhain

E as que realizamos foron:

1- OBRADOIRO DE RECUPERACIÓN DE OFICIOS TRADICIONAIS.

A) Coiro. Esta actividade si que a levamos a cabo adaptando os protocolos, facendo todo o posible para evitar contaxios. Levouse a cabo os días 18 e 19 de xullo pola mañá en horario de 10 a 14 horas.

Primeiro fixemos unha introdución falando dos tipos de coiro, as ferramentas e a historia. Logo pasamos a facer patróns e as pezas escollidas.

B) Cestería. Para a realización de este obradoiro non tivemos tanta sorte e non o poidemos levar a cabo por non esperar o suficiente interes entre o público.

2- VISITAS A DIVERSOS LUGARES DE INTERÉS.

A) Vsita ao castro Lupario.

B) Visita ao castelo de Ssn Antón.

Non fixemos ningunha das dúas por mor das restriccións, cando non estabamos confinados perimetralmente nós, eran as zonas que queríamos visitar.

3- SAMHAIN

Esta foi outra das actividades que non levamos a cabo por mor da pandemia que neses momentos estaba en pleno crecemento.

AREA XUVENIL MEMORIA



ENTIDADE PRESTADORA DESERVIZOS Á XUVENTUDE



MEMORIA

COÚECENDO A CONTORNA



OBXECTIVOS ACADADOS

Temos por costume facer unha avaliación colectiva ao fin de cada unha das actividades nas que cada un dos educadores aprota as súas percepcións e as opinións que puido recabar de parte dos usuarios. Pero tamén para avaliar a nosa organización, as incidencias, melloras, cumprimento de obxetivos, ...

Os obxetivos propostos eran:

- **Obxectivo xeral:** Dar a coñecer o patrimonio natural e cultural do noso país e poñelo en valor.

Obxetivos específicos:

- Concienciar aos participantes sobre a importancia do noso entorno natural, principalmente os parques naturais.
- Dar a coñecer os distintos usos, lendas, historias, ..., dos nosos bosques como parte da nosa cultura.
- Implicar aos participantes no coidado das fragas e o seu entorno.
- Coñecer o noso patrimonio cultural material e inmaterial.

- **Obxectivo xeral:** Contribuír á convivencia e integración dos rapaces e rapazas na sociedade a través do medio natural que os rodea.

Obxetivos específicos:

- Fomentar habilidades sociais e motrices aproveitando o medio natural como vehículo.
- Favorecer o desenvolvemento de valores sociais como a amizade, solidariedade, tolerancia,
- Potenciar a responsabilidade dos participantes.

- **Obxectivo xeral:** Disfrutar do medio natural sempre desde un coñecemento e respecto da mesma.

Obxetivos específicos:

- Demostrar que se pode disfrutar de actividades desenvolvidas no medio natural sen destruíla.
- Disfrutar de actividades ó aire libre.
- Poñer en valor o medio natural, nos seus distintos ecosistemas, como medio de disfrute.

- **Obxectivo xeral:** Contribuír a concienciar aos participantes e cambiar os seus hábitos cotiáns de xeito que sexan máis respetuosos co entorno.

Obxetivos específicos:

- Fomentar o estudo e o coidado e o respecto polo noso entorno.
- Incluir as normas de respecto ao entorno na vida cotiá e incluír nelas o respecto aos compañeiros
- Promover hábitos de vida máis respetuosos co medio que nos rodea.

- **Obxectivo xeral:** Favorecer o desenvolvemento e adquisición de destrezas dos e das participantes.

Obxectivos específicos:

- Adquirir novos coñecementos en distintos campos.
- Mellorar a capacidade física dos participantes.
- Desenvolver a asúa capacidade creativa e motora.

Os obxectivos foron cumpridos na súa maior parte. O confinamento despertou un interese polo disfrute do medio natural e un interese polo seu coñecemento, xa que había moitas ganas de disfrutar de lugares abertos, así atopámonos con que no grupo de rapaces e rapazas que adoitan a participar en algunha das nosas actividades, moitos conseguiron arrastrar a compañeiros que ata o momento non presentaban ningún interese pola natureza nin se animaban a participar de actividades que se desenvolvesen no medio natural sobre todo si eso implicaba durmir en tenda de campaña, ou achegarse a un bosque. E complácenos dicir que disfrutaron da experiencia, polo que esperamos que non sexa flor de un día e se animen a participar de actividades futuras.

A través das actividades que presentamos aprenden cousas do noso medio natural, usos das nosas plantas e árbores (os que se lle daban antes e os usos que se lle dan agora, así como antigos oficios asociados que agora non existen como o de facer carbón pro exemplo, ...), a importancia do noso patrimonio natural, e sobre todo a importancia que ten e a necesidade que temos de ese medio natural o ser humano algo que quedou máis patente a raíz do confinamento onde se deran conta do que botaban de menos no poder saír simplemente a camiñar, ou dar un paseo preto do mar, ou por un bosque, ou simplemente respirar en soedade e disfrutar da paisaxe...

En canto ao de dar a coñecer a importancia do noso patrimonio e historia aos participantes conseguimos a través da conta de lendas, tradicións, oficios antigos, .. que e fixo perante a actividade de Achegate á fraga. Na visita ao castro de Santa Trega, demos a coñecer parte da nosa historia, e do noso pasado, da importancia que chegaron a ter os nosos antepasados. Co roteiro do río Belelle, ao ser unha visita guiada, fixemos diferentes paradas non só para dar a coñecer a importancia do bosque de ribeira asociado ao río e da inmensa biodiversidade animal que alberga, senón tamén os diferentes muiños e usos do río. A importancia que tivo o río para o concello de Neda como fonte de riqueza xa que ao redor del xurdiron fábricas de papel, curtidurías, muiños, fábricas de fariñas, de teas, ...

Co xogo de “na búsqueda da pedra do raio” demos a coñecer a rúa Real do concello pola que pasa o camiño inglés. Como o persoeiro central do xogo era da Idade Media, e as pistas suponse que foran escritas por ela facían referencia a edificios que hoxe teñen outra función (como o hospital de peregrins que hoxe alberga o concello) ou que xa non existen (a real fábrica de bizcoitos) o bonito foi que en lugar de tirar do google, que non se lles porhibiu, adicaronse a pedir información á xente que atopaban pola rúa. Aprenderon que houbo un porto, unha Real fábrica de bizcoito, un hospital de peregrins, ...



DESTINATARIOS

Todas as actividades inicialmente estaban programadas para un grupo de 20 rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos pero polo tema da COVID-19 os grupos foron máis limitados con participantes de idades de entre os 14 e os 30 anos

ACTIVIDADES

As actividades propostas eran:

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR	IDADES
10 Abril	Coñecendo o noso patrimonio: Castro de Santa Tecla	Pontevedra	Maiores de 18 anos. (ata un total deas plazas dun autobús)
26,27,28 xuño	Achegándose á fraga: obradoiro de medio ambiente, paintball, kaiak, safari fotográfico, obradoiro de cociña	Vilarbó (As Pontes)	Maiores de 18 anos. (para 20 rapaces e rapazas)
6 setembro	Roteiro polo Belele	Neda	Todas as idades, menores acompañados ou con autorización.
12 setembro	Xogo: "Na procura da pedra de raio"	Neda	De 14 a 19 anos. (Entre 15 e un máximo de 20 rapaces e rapazas).

Ao fin foron:

DATA	ACTIVIDADE	LUGAR	IDADE
19 20 de setembro	Coñecendo o noso patrimonio: Castro de Santa Tecla	Pontevedra	Maiores de 18 anos. 10 máximo
6 setembro	Roteiro polo Belele	Neda	15 persoas de 14 a 25 anos
21,22,23 agosto	Achegándose á fraga: obradoiro de medio ambiente, paintball, kaiak, safari fotográfico, obradoiro artesanía	Vilarbó (As Pontes)	14 rapaces e rapazas maiores de 18 anos
3 de outubro	Xogo: "Na procura da pedra de raio"	Neda	De 14 a 19 anos. máximo 10

A zoa de A Garda coa desembocadura do Miño é unha zoa natural moi importante que debe ser orgullo dos galegos e galegas polo que nos pareceu moi interesante dala a coñecer á nosa xente moza, se a esto lle engadimos o conxunto do monte de Santa Trega e a súa importancia histórica aínda se fai máis interesante.

Participantes:

O fin a actividade foi dirixida a 10 rapaces e rapazas maiores de 18 anos. Contamos con 10 rapaces e rapazas de edades entre 20 e 27 anos, procedentes de varios puntos como Ferrol, Narón, Neda, Fene, San Sadurniño...

Desenvolvemento da actividade:

Alugamos unha furgoneta de varias plazas e un coche para poder desplazarnos. Quedamos a unha hora no punto de partida e de ahí partimos para a zoa. Unha vez alí subimos a ver o monte, visitamos o museo e o castro, o mirador, a ermida (que estaba pechada) e os seus arredores. Ao longo do día fixemos un pequeno xogo. Logo do xantar que o fixemos nun merendeiro ao pé do monte fomos a visitar o Castelo de Santa Cruz.

Rematada a visita ao Castelo, fomos a instalarnos no albergue e fixemos unha pequena saída pola desembocadura do Miño, no que disfrutamos da paisaxe e das explicacións da bióloga. Estivemos un anaco facendo observación de aves, uns retiráronse antes e outros quedaron a ver que máis podían ver ata que comezou un pequeno chaparrón que nos fixo a todos voltar ao albergue.

Á hora da cea e tendo en conta o tema da COVID-19 non poidemos cear todos xuntos, o camping xa tiña reserva e so había unha mesa baleira. Como tampouco podíamos comer todos xuntos nunha mesma mesa para cumprir co protocolo da COVID-19 uns quedaron a cear no camping e outros tiveron que ir fora.

Ao seguinte día visitamos o museo do mar, e logo comezamos o retorno cara a casa parando primeiro na parroquia de Eiras no Rosal a ver unhas Sobreiras ás que lles estiman arredor de 400 anos, ditas sobreiras están ao pé da capela da Madalena situada na croa dun castro, polo que as sobreiras tamén.

Visitamos xa no concello de Tomiño o Castelo fortaleza de Goian ou forte de San Lourenzo, seguindo cara a Tuy onde visitamos a zona vella e xantamos para logo regresar á casa

Recusos humanos:

Contamos con 3 monitores de tempo libre para a realización da actividade, hai que dicir que por circunstancias persoais os monitores/as que estaban encargados da organización non a puideron facer pasando outros a ocupar o seu lugar.





2.ACHEGANDOSE Á FRAGA

Con este fin de semana pretendíamos chegar ás persoas participantes ao medio natural que os rodea ao mesmo tempo que desenvolvemos unha serie de habilidades físicas e sociais.

A COVID-19 fixo que esta actividade tivese por un lado moita expectación dentro dos máis novos, pero os pais eran máis reacios a deixalos participar na mesma.

Houbo que cambiar algunha actividade a fin de evitar posibles contaxios

Participantes:

A actividade estaba dirixida inicialmente a 20 rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 17 a 21 anos.

Contamos con 14 rapaces e rapazas de maiores de 18 anos e menores de 25 procedentes de puntos como Ferrol, Narón, Neda, Fene, As Pontes, ...

Desenvolvemento da actividade:

O venres chegan os participantes sobre as cinco da tarde, facemos a presentación do equipo técnico logo da bebida, e logo de acomodarse fomos a dar una volta polas instalacións a coñecelas. Tivemos un pouco de tempo antes da cea que aproveitamos para facer algúns xogos e ter un rato de conversa.

Logo da cea tivemos animación que consistiu en diversos xogos que non requirían material, nin contacto (o cluedo, o asasino, ...) sobre as doce e media da noite a maioría foron durmir e algún quedaron conversando un anaco máis.

Ao día seguinte, sábado, almorzamos para comezar a primeira actividade que consistía en primeiro lugar dunha pequena introducción sobre o que é una fraga, as especies máis abundantes nas mesmas e como recoñecelas, e o que imos plantar e por qué) logo fixemos una pequena plantación. Logo do xantar e camino da zona de baño e de kaiak imos lembrando a introducción de pola mañá do que é una fraga e recoñecendo as diferentes especies de árboles que a compoñen. Logo fixemos una pequena travesía en kaiak. Merendamos e cambiamonos para facer observación de aves e fotografías das mesmas, como nos retrasamos un pouco co kaiak, retrasamos toda a actividade polo que ao fin alongamos a observación de aves facendo cara o final un paseo pola zona. Xa de volta recolleamos as cousas, falamos sobre as fotografías sacadas, comparámolas, e tratamos de identificar alguna das aves que ao facer as fotos non tiñamos moi claro o que era.

Ceamos e pasamos á animación que consistiu en facer una noite de lendas coas luces apagadas e un campin-gaz no medio e todos sentados ao redor. Comezamos falando da santa compañía e a súa posible orixe, sobre os homes lobo e as diferentes historias de homes e mulleres lobo, de bruxas, das diferentes historias sobre santo André de Teixido, da lenda da cova da serpe ou do Eume, ...

O domingo actividade foi o paintball, fixemos os equipos, e plantexamos o xogo, demos un tempo para que os grupos repartan entre si os diferentes papeis e as estratexias, é dicir o que ten que facer cada un deles para conseguir o obxectivo marcado no xogo. Como se teñen que por deacordo na estratexia, levoulles un pouco de tempo, logo pasamos ao xogo en si xa no terreo, pasaron moi ben a pesar de que o equipo perdedor estaba convencido de que o que gañou fixera trampas (en concreto que un dos que tiña que estar eliminado continuara o xogo, o que non é imposible, xa que ambos equipos intentaron facer trampas, que evitaron os monitores que estaban de "observadores" aínda que pode que non as pudieran evitar todas)

Logo do xantar que xa foi un pouco máis tarde recolleamos para marchar.

Os monitores quedamos a recoller, limpar o material de splatmaster, desinfectar as tendas e recollelas, ..., polo que era ben tarde cando xa rematamos.

Recusos humanos:

Contamos cun equipo formado por 6 persoas todas elas coa titulación de monitor/a de actividades de tempo libre, e algún incluso de director/a de actividades de tempo libre.



3-ROTEIRO POLO BELELLE

O roteiro polo Belelle trata de chegar aos participantes ao patrimonio natural e etnográfico do concello de Neda dando a coñecer non só o bosque de ribeira senón tamén os muiños da zoa a súa historia e facer ver o importante que foi economicamente o río para o concello de Neda.

Participantes:

Estaba destinado a 20 participantes de todas as idades.

O número de participantes foi de 15 rapaces e rapazas, de idades comprendidas entre os 12 e 30 anos, da comarca de ferrolterra, principalmente Neda, Fene, Ferrol, Pontedeume, Narón.

Tempos que dicir que ao colocar os carteis nos taboeiros de anuncios do supermercados tivemos moitas consultas de maiores de 30 anos pedindo participar.

Desenvolvemento da actividade:

Fixemos una matrícula pedindo tamén que cubrisen a declaración sobre a COVID-19.

Os responsables da actividade comprobaron o roteiro con quince días de antelación e uns días antes para comprobar que todo estaba ben (camino limpo, que non hai zonas derrubadas..) e buscando os sitios onde parar para facer as explicación tanto dos muiños como do bosque de galería.

Prepararon a información que ian utilizar no roteiro-

O día da actividade pasaron lista dos participantes e comezaron a marcha, facendo as paradas oportunas para as explicación. Logo de chegar á Ferverza e un anaco de descanso no que deixamos un tempo para que os participantes tomasen un pequeno tentempé que algún levaban. Sin deixar que enfriaran emprendimos a volta para chegar ao lugar de partida.

3 monitores/as con titulación de tempo libre e coñecementos en aire libre e medio ambiente.



Na ferveza

4-NA BÚSQUEDA DA PEDRA DE RAI

O xogo desenvolveuse principalmente pola rúa Real do concello ao longo do camino de Santiago. As pistas estaban deseñadas de xeito que facían referencia a edificios e lugares que existían noutros séculos pero dos que hoxe non queda nada, ou teñen outros usos o que axudou a dar a coñecer una parte da historia do concello.

Participantes:

Estaba destinado a 20 ou rapaces e rapazas de entre 18 a 30 anos.

O número de participantes foi de 10 rapaces de idades comprendidas entre os 15 e os 16 anos, da comarca de Neda, e Narón principalmente.

Desenvolvemento da actividade:

Elaboramos a historia.

Logo do estudo dos lugares onde poder poñer as pistas elaboramos as mesmas e as mensaxes en clave así como as claves para descifrar as mensaxes.

Fixemos dous grupos de búsqueda.

Ese día colocamos a primeira hora as pistas e as mensaxes en clae así como as claves.

Cando recibimos aos participantes comentamos o xogo poñendoos en situación e entregamoslles a primeira pista a cada un dos equipos. Cada equipo ia acompañado por un monitor/a.

Logo de conseguidas todas as mensaxes e as claves tiveron que facer a transcripción para saber onde estaba agochada a pedra de raio.

Os dous equipos estiveron moi equiparados aínda que nun dos equipos había máis rapaces do concello veciño (Narón). A diferenza entre os dous equipos foi de dous minutos, porque se despistou un pouco nunha pista.



O bo foi que, como moitas das pistas non as coñecían (por exemplo os fornos reais,...) polo que foron preguntando á xente de Neda uqe atopaban pola rúa de si coñecían a localización de tal ou cual edificio ou se sabía que era determinada cousa (por exemplo unha laxe, o cagarrón,...), esto ás veces axudabaos pero algunha vez fixoos dar algunha que outra voltas.

Recursos humanos

3 monitores/as con titulación de tempo libre e contamos.



PARTICIPANTES

Os participantes foron principalmente da comarca, case todos grupos de amigos que procedían do mesmo concello ou como moito de concellos veciños.

O que si poidemos comprobar este ao foi que se anotaban antes os rapaces que as rapazas. De feito na actividade de "buscando a pedra de raio" non houbo ningúnha rapaza que se interesara, é máis, detro dos grupos de amigos ou coñecidos que participaron hai rapazas algunha das cales xa teñen participado en actividades da asociación, pero para o xogo non se anotou ninguna somente houbo rapaces. Foi na actividade de achegandose á fraga na que participou unha rapaza máis que rapaces, no resto sempre moi por debaixo (arredor de 60% rapaces 40% rapazas)

PERSOAL TÉCNICO

Todos os membros do equipo técnico conta co título de MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE, e parte deles conta tamén co de DIRECTOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE, case todos con ampla experiencia na realización de actividades e **todos son persoal voluntario.**



INCIDENCIAS

As actividades desenvolveronse sin incidencias, salvo as propias de traballar con grupos de xente diferente.

- *Na saída a Santa Trega o xogo non tivo moito éxito para algún dos participantes que o viron como un exame (en concreto a dous) pero o resto virono coma un reto na búsqueda de respostas que se completaban pouco a pouco coas explicacións que se facían en cada un dos sitios.*
- *Tamén na saída a Santa Trega tivemos que cear separados, non en mesas separadas senón en locais separados porque o local do camping estaba cheo, cumprindo as normas da COVID-19, e parte dos participantes tiveron que saír comer fora.*
- *Na actividade de achegate á fraga, quixo haber un pique durante a actividade do paintball, polo demáis todo transcurriu con normalidade segundo as normas da “nova normalidade”.*
- *No roteiro polo Beelle, houbo moita xente maior de 30 anos que se interesou pola mesma.*
- *Ao chegar á zona da Fervenza atopámonos con dúas persoas que non levaban máscara, como o espazo era pequeno procuramos ir polo sendeiro que baixa á beira do río ata que se foron.*
- *No xogo de A búsqueda da pedra do raio un dos equipos se tracaburrou nunha pista dando voltas e houbo que reconducilos.*